

PLAN IGUALDADE



CEIP A XUNQUEIRA 1

Índice

1. Introducción.....	2
Persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.....	3
Activación de protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.....	3
Difusión dos obxectivos coeducativos entre a comunidade educativa.....	3
Medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero.....	4
Concreción dos contidos dunha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado do centro.....	5
Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.....	6
O Proxecto Educativo e a Igualdade.....	6
Participación en plans de formación.....	7
Obxectivos coeducativos no PEC.....	11
3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.....	12
Actividades complementarias.....	15
Todo o alumnado participa independentemente do seu sexo en:.....	15
4. Obxectivos coeducativos desenvolvidos a través do plan.....	15
4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.....	15
4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.....	16
4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.....	16
4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.....	17
5. Medidas concretas de actuación.....	18
5.1. Organización do centro:.....	18
5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.....	22
5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.....	22
Difusión da información.....	22
A Biblioteca escolar.....	23
Os contidos audiovisuais.....	23
Xestión de actividades e ocupación do patio.....	23
Cooperación nos espazos tecnolóxicos.....	24
Prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa.....	24
Promoción da participación do sexo menos representado nas diferente actividades.....	25
Todo o alumnado participará independentemente do seu sexo en:.....	25
5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.....	25
Respecto e do bo trato entre mulleres e homes.....	25
Promoción de actividades de coidado entre persoas e do medio ambiente.....	25
Promoción do respecto cara á diversidade sexual e de xénero.....	26
Promoción de metodoloxías activas, participativas e cooperativas.....	26
Promoción da corresponsabilidade na realización das tarefas.....	26
6. Seguimento e avaliación.....	27
Instrumentos de avaliación do funcionamento do plan.....	27
Indicadores de medida.....	27
7. Recursos.....	28

1. Introducción

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, manifesta no seu preámbulo que a educación é o medio de transmitir e de renovar a cultura e o acervo de coñecementos, así como os valores que a sustentan. Un dos principais fins que se persegue é a formación no respecto dos dereitos, das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas. O artigo 1 desta lei establece como principio da educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. E o artigo 2 establece que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres”.

A escola é formadora en actitudes de nenos e nenas. Ademais ofrece unha plataforma excelente para a superación de prexuízos sexistas e para a provocación dun cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables. Nas escolas, ademais, é posible contribuír aos procesos de socialización do alumnado evitando estereotipos sexistas.

O plan de igualdade entre homes e mulleres pretende educar na igualdade, axudar ao alumnado para crecer como persoas, a desenvolver uns valores básicos e obter un equilibrio no seu desenvolvemento persoal e adquisición das competencias básicas e isto facilítelle a integración na sociedade.

A educación para a igualdade só é posible cando se asenta nunha metodoloxía aberta, creativa e flexible que dea cabida a unha educación emocional que nos permita proxectar unha verdadeira escola de iguais.

Unha educación para a igualdade debe estar centrada no fomento do traballo en grupo, o diálogo, as relacións afectivas, a resolución de conflitos, o respecto e a cooperación, incidindo na toma de conciencia de que todos e todas temos dereitos ás mesmas oportunidades.

O plan de igualdade entre homes e mulleres vai dirixido a toda a comunidade educativa.

1. Ao alumnado, co que se realizan actividades englobadas en proxectos para a súa educación e concienciación.
2. Profesorado, que forma parte a través de dous papeis fundamentais: como obxectos do plan de igualdade e como suxeitos que o poñen en práctica. Participa na elaboración do plan de igualdade, na proposta de actividades e na súa posta en práctica, así como tamén é suxeito ao que vai dirixido para a súa formación e concienciación.
3. Familias. Formándolles desde a escola e colaborando na posta en práctica do plan.
4. Comunidade educativa. Obtendo información e podendo colaborar nos proxectos.
5. Asociacións, CFR, concello e outros organismos. Que axudan e orientan na realización do plan e a súa posta en práctica

Persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.

No CEIP A Xunqueira 1 a persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar e responsable da convivencia no Centro é M^a Susana Diéguez Villaverde.

Activación de protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.

Ata o de agora non temos rexistrada ningunha conduta contraria á convivencia por razón de xénero.

De darse algunha seguiremos os procedementos recollidos nas nosas NOFC

Difusión dos obxectivos coeducativos entre a comunidade educativa.

Os obxectivos coeducativos difúndense entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización a través da PXA, as NOFC, o Plan de Convivencia, o PAT e este propio plan de Igualdade. Todos estes documentos están dispoñibles na secretaría do Centro e na páxina web.

Medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero.

Medidas organizativas a adoptar polo Centro

- Non realizar actuacións diferenciadas por sexo.
- Indicar á comunidade educativa do Centro que se dirixa ao alumno ou alumna polo nome elixido.
- Adecuar a documentación administrativa.
- Garantir a liberdade no uso da vestimenta.
- Garantir que o alumnado transexual teña acceso aos aseos e vestiarios que lle corresponda segundo a súa identidade de xénero.
- Difusión da realidade sobre a identidade de xénero entre a comunidade educativa.

En todo o proceso actuarase de acordo co **dereito á privacidade e honra** do estudiantado e de todos os membros da comunidade educativa.

Para os efectos de determinar as actuacións e forma de proceder, tanto no relativo ao tránsito (decisión de mostrarse socialmente conforme o sexo sentido como propio), como en calquera outra situación que puidese sobreir, observarase o acordado na reunión de coordinación realizada entre a dirección do centro, o/a menor transexual, os seus representantes legais, de ser o caso, o departamento de orientación e o titor ou titora do alumno ou alumna. En todo caso, o menor será sempre informado e consultado, e terase en especial consideración a súa opinión, facilitándolle o sentirse cómodo e salvagardado.

Formación en identidade de xénero.

• Formación do profesorado

Realizarase polo menos unha sesión de introdución ao coñecemento da transexualidade na infancia e mocidade, e de profundización e análise de situacións concretas e dificultades atopadas na dinámica cotiá.

• Formación do persoal administrativo e de servizos

Realizarase polo menos unha sesión de introdución ao coñecemento da transexualidade na infancia e mocidade.

• Formación das familias

Realizarase polo menos unha sesión de introdución ao coñecemento da transexualidade na infancia e mocidade. Contaremos coa colaboración da asociación ARELAS. Será de gran

importancia a presenza dun adulto de cada unidade familiar do alumnado do nivel no que se atopa o/a menor en situación de transexualidade.

Valorarase a posibilidade de repetir esta formación se así se estima necesario, por exemplo ao cambiar de ciclo, ou pola entrada de novas familias na aula do/a menor.

- **Intervención pedagóxica na aula:**

Desenvolverase un programa de coñecemento e promoción da diversidade do feito sexual humano, no que a transexualidade aparecerá como un feito de diversidade máis.

A intervención realizarase en cada aula e, no seu caso, co alumnado de todo o centro, adaptándose o tipo de intervención ás necesidades de cada idade e caso.

Obxectivos.

Con estas medidas de acompañamento buscamos os seguintes obxectivos:

- a) Respetar a diversidade humana e entendela como motivo de enriquecemento e non de discriminación.
- b) Comprender que existen variados tipos de diversidade: corporais, culturais, funcionais, sexuais, de xénero e afectivas.
- c) Entender que todas as persoas deben ter igualdade de dereitos e de oportunidades.
- d) Cuestionarse o concepto de “normalidade”, empezando pola valoración e o recoñecemento das propias particularidades e entendendo que ninguén se axusta a uns canons únicos.

Concreción dos contidos dunha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado do centro.

- a) Fomento da expresión dos sentimentos.
- b) Coñecemento da existencia de diferentes orientacións sexuais e diversas formas de amar.
- c) Coñecemento dos diferentes tipos de familias (monoparentais, homoparentais, reconstituídas, con fillos en acollida, adoptados...)
- d) Respetto dos diferentes tipos de familias e orientacións sexuais.
- e) Entendemento da homofobia como algo negativo.

Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.

A orientación ten como obxectivo o desenvolvemento integral das capacidades do alumnado, en relación coas distintas opcións formativas, profesionais e vivenciais.

O profesorado realizará unha labor de acompañamento para axudar ao alumnado a expresar os seus desexos, a coñecer as súas aptitudes, desenvolver e adestrarse en habilidades e interpretar as distintas opcións que teñen nas diferentes etapas, libres de estereotipos sexistas.

- Realizaranse encontros nos que se mostrarán experiencias de mulleres e homes, en profesións non tradicionais e na vida cotiá para contrarrestar os modelos de socialización estereotipados que ditan os comportamentos na vida privada e pública,
- Realizaranse todo tipo de tarefas e non só actividades que se consideran “naturais” para un ou outro sexo.
- Os traballos que xera a vida cotiá son necesarios para vivir e convivir, mulleres homes deben realizalos corresponsabilizándose, aprendendo a responsabilizarse das súas propias necesidades tendo en conta as das persoas coas que conviven.
- Traballarase o valor do tempo, o seu investimento e utilización para as distintas facetas que require a vida (atención aos demais, autocoidado, o descanso, as labores escolares). Conciliar significa ter tempo para todo, o que implica repartir as obrigas respectando o tempo das demais persoas.

O Proxecto Educativo e a Igualdade.

Entre as **notas de identidade do noso Centro** destacan os apartados:

Coeducación:

Intentamos evitar condutas que poñan en énfase os roles masculinos ou femininos polo que procuraremos proporcionarlles actuacións que eliminen estas discriminacións de xénero. Para elo usaremos unha linguaxe non sexista, eleccións de libros de texto, ou calquera outro material, traballo en equipo... Comprometido no desenvolvemento do sentido crítico e responsabilidade que está na base da Educación para o Consumidor.

Pluralismo e valores democráticos:

O profesorado debe respectar as conviccións relixiosas, morais e ideolóxicas do alumnado mantendo no seu acto educativo o principio de neutralidade ideolóxica, respectando o pluralismo, rexeitando todo tipo de dogmatismo e mantendo un compromiso co conxunto de valores

democráticos e de respecto aos dereitos humanos. Estimularase nos alumnos os valores dunha sociedade democrática, solidariedade, tolerante, na que se respecte a dignidade das persoas, fomenta a igualdade de todos os homes o respecto aos demais unha actitude de diálogo, rexeitando calquera tipo de discriminación e actitude violenta. A educación para a Paz será un dos aspectos a tratar e terá unha concreción práctica nas normas de convivencia do centro, que estará ao servizo dun obxectivo común favorecer a solidariedade e a tolerancia

Método de Xestión.

Consignamos un modelo de xestión colaborativo e democrático coa participación de todos os sectores da comunidade educativa (pais, mestres, alumnado, persoal non docente...) Todos os órganos de xestión – Claustro, Consello Escolar...-, asumen as súas responsabilidades e exercen o seu labor en función das mesmas.

Participación en plans de formación

O profesorado do Centro está a participar nun PFPP sobre traballo cooperativo.

Todo o profesorado participante realizou o curso “Igualdade, convivencia e inclusión”

2. Contextualización normativa e do Centro

Na documentación do centro con anterioridade a elaboración deste plan figuran

Obxectivos coeducativos no Plan de convivencia.

No punto 2.1.3.(Normas de funcionamento e plan de actuación da Comisión de Convivencia) indícase que a Comisión de Convivencia:

- Adoptará as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsará accións dirixidas a promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

No punto 2.3.1. (Obxecto, fins e principios do Plan) destaca entre os obxectivos xerais:

- Fomentar no noso centro os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Adquisición por parte do alumnado das competencias necesarias para lograr unhas relacións sans consigo, cos demais e co medio no que vive.
- Instaurar o sentimento de pertenza a un grupo, sentíndose todos os seus membros ben acollidos, respectados e seguros.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan a construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

A coeducación no Plan de Acción Titorial:

De entre os obxectivos relacionados coa coeducación do noso PAT destacamos:

- Contribuír á personalización da educación entendida no seu carácter integral de desenvolvemento de todos os aspectos da persoa e individualizando con aptitudes e intereses diferenciais.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado articulando as medidas oportunas de apoio ó proceso de ensinanza – aprendizaxe.
- Resaltar os aspectos orientadores da educación, favorecendo a adquisición de aprendizaxes máis funcionais conectados co entorno, de modo que a educación sexa “educación para a vida”.

- Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores, e das progresivas decisións.
- Contribuír á adecuada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias, así como entre a comunidade educativa e o entorno social, asumindo o papel de mediador e facilitando o diálogo e a negociación ante os conflitos ou problemas que poidan xurdir.

A prevención da violencia de xénero, á igualdade e á non discriminación nas NOFC

- a) No apartado 6.1 das NOFC (normas xerais do alumnado) especificase que o alumnado deberá respectar aos diferentes membros da comunidade escolar, non amosando actitudes discriminatorias ou intolerantes.
- b) No apartado 6.2 das NOFC (admisión do alumnado), especificase que a admisión do alumnado non poderá establecer ningunha discriminación por razón ideolóxica, relixiosa, moral, de raza, sexo, nacemento ou calquera outra circunstancia de carácter persoal ou social.
- c) No apartado 6.3 das NOFC (agrupamentos) especificase que o agrupamento dos alumnos será mixto e flexible e favorecerá a coeducación e a aprendizaxe cooperativa, evitando calquera tipo de discriminación por razón de raza, sexo, relixión, rendemento escolar, etc.
- d) No apartado 7 das NOFC (Dereitos de deberes dos membros da comunidade educativa) destacar entre os:

Dereitos do profesorado relacionados coa igualdade:

- Participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- Acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

Deberes do profesorado relacionados coa igualdade:

- Respetar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

- Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do Equipo Directivo do Centro.
- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

Son **dereitos básicos do alumnado** relacionados coa igualdade recollidos nas NOFC

- A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- Á protección integral contra toda agresión física e moral e en particular contra as situacións de acoso escolar.

Son **deberes** do alumnado relacionados coa igualdade recollidos nas NOFC

- Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no Centro, respectando o dereito dos seus compañeiros e compañeiras á educación.
- Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do Centro.
- Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

Son **dereitos** do PAS relacionados coa igualdade recollidos nas NOFC:

- Ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.

Son deberes do PAS relacionados coa igualdade recollidos nas NOFC

- Adoptar unha actitude de colaboración cos membros da comunidade educativa, favorecendo a convivencia no Centro.

Son **dereitos** das familias, en relación coa igualdade recollidos nas NOFC

- Que os seus fillos/as reciban unha **educación conforme os fins establecidos na Constitución e nas leis.**
- A que os seus fillos/as reciban unha **formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.**
- A **recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia** nos Centros docentes.
- A **ser oídos nos procedementos disciplinarios** para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas.

Son **deberes** das familias, en relación coa educación dos seus/súas fillos/as:

- **Fomentar o respecto** polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- **Colaborar co Centro** na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos/as.

Obxectivos coeducativos no PEC

A finalidade da educación é conseguir un desenvolvemento integral de todo o alumnado buscando un desenvolvemento persoal, a harmonía social, a igualdade de oportunidades e as diferenzas.

A finalidade da Educación Infantil é contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual do alumnado.

A finalidade da Educación primaria é proporcionarlles a todo o alumnado unha educación que permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar, adquirir habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral, á lectura, á escritura, e ao cálculo, hábitos de traballo e estudo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, así como desenvolver habilidades sociais e hábitos de traballo.

Para potenciar e favorecer a adquisición dos principios e fins educativos no noso Centro son prioritarias as seguintes liñas de actuación:

- Traballar a convivencia baseada no respecto e a non violencia: traballo sistemático das habilidades sociais, autocontrol, potenciación das relacións afectivas, mellorar a autoestima e favorecer a participación, a formación do profesorado e a comunicación entre os membros da comunidade educativa.
- Fomentar a autonomía e responsabilidade.
- Fomentar desde a atención á diversidade as capacidades individuais, garantindo a igualdade de oportunidades e establecendo as medidas organizativas e curriculares precisas.
- Desenvolver unha organización baseada en criterios pedagóxicos de igualdade.

3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.

As familias do noso Centro

No CEIP A Xunqueira 1 temos familias biparentais, monoparentais, de acollida, de pais separados, familias compostas e familias extensas.

Ás reunións de principio de curso e as reunións de titorías asisten principalmente as nais do alumnado.

Alumnado e profesorado do Centro:

Ed Infantil:

Hai 65 alumnos/as. 34 nenos e 31 nenas.

Do profesorado que imparte en Educación Infantil 9 son mulleres e dou homes.

Ed Primaria:

Hai 255 alunos/as. 138 nenos e 117 nenas.

Do profesorado que imparte en Educación Primaria 7 son homes e 14 mulleres.

Incidencia en relación coa violencia de xénero

Non temos recollida ningunha incidencia en relación coa violencia de xénero polo que, ata o de agora, non tivemos que activar ningún protocolo nin recorrer ás NOFC.

Traballo da integración desde todas as áreas do currículo.

Tratamos de traballar a igualdade de xénero e loitar contra a violencia de xénero e a LGTBIfobia desde todas as áreas do currículo.

Realizamos traballos cooperativos, sempre en grupos mixtos e con roles que van rotando (silenciador, encargado de material, secretario, portavoz...).

Para fomentar a igualdade no deporte na materia de Educación física os equipos sempre son mixtos. As veces é o propio alumnado o que escolle aos integrantes, outras veces son os mestres. Durante o curso cada alumno/a será encargado de formar os equipos varias veces. Evitarase que sempre queden de últimos en ser escollidos o alumnado con menos habilidades.

Practicaranse xogos e deportes que o alumnado non practica habitualmente ou outros que consideran “de nenas” como a expresión corporal (danzas, aeróbic).

Chama a atención na enquisa realizada en Educación Física que hai nenas practicando e competindo en deportes considerados masculinos (fútbol, knick-boxing) e nenos en deportes considerados femininos (ximnasia rítmica).

Celebración das conmemoracións

Celebramos as conmemoracións que veñen marcadas no calendario escolar tanto a nivel aula como Centro.

Alumnado Transexual

Contamos con alumnado transexual desde este curso. A integración no seu grupo clase e no Centro estase realizando sen ningún tipo de incidencia. Nos primeiros días do curso a asociación ARELAS impartiu unha charla para o alumnado da aula e outra para as familias.

O claustro e o persoal administrativo e de servizos foi informado desta situación.

Rexistro de condutas contrarias á convivencia.

Ao longo do curso 2018/19 tivemos varios problemas de convivencia

- Un alumno con graves problemas de conduta, poñendo en perigo en numerosas ocasións tanto a súa propia integridade física coma a dos outros, quedando reflectido nos correspondentes partes de incidencias. Estivo 3 días na aula de convivencia.

A Inspectora foi informada e amosouse conforme coa actuación tutorial. Aplicouse un plan de modificación de conduta disruptiva por parte da titora, resultando moi positivo.

- Abriuse o protocolo de acoso polo comportamento de varios alumnos dun nivel cun alumno do nivel inferior quedando solucionado o problema.
- Tivemos varias alumnas con mal comportamento entre elas, malos entendidos e pelexas.

A orientadora traballou coas dúas aulas do nivel para realizar actividades de hábitos sociais como xa fixera o ano anterior.

- Incorporáronse dos alumnos/as con comportamentos inadecuados tanto na aula coma no recreo, os corredores e o autobús. Comunicáronse as incidencias ás familias e estiveron na aula de convivencia. A partir dese momento cambiaron de actitude.

Todas as incidencias foron comunicadas ás familias seguindo o procedemento corrector de condutas contrarias á convivencia.

Uso de espazos escolares e extraescolares e participación en actividades complementarias.

- **O patio de recreo.**

Respecto a igualdade de xénero detectamos situacións na ocupación e xogos do patio que estamos intentando mellorar.

As pistas estaban sempre ocupadas polos nenos xogando a fútbol. Había varios partidos simultaneamente o que orixinaba pelexas e discusións. Para evitalas elaboramos un calendario de uso das pistas. Só poden xogar ao fútbol o alumnado do curso que lle corresponde.

Tamén organizamos zonas con outros xogos: cordas, brilé, touchball, baloncesto, ping-pong, bolos, e chapas. Estes xogos son utilizados por nenos e nenas indistintamente.

Este curso comezará a funcionar unha zona de biblioteca no patio.

- **A biblioteca.**

O alumnado de 5º e 6º ten a posibilidade de axudar na biblioteca durante o recreo. A maior parte dos axudantes da biblioteca son nenas. Deberíamos potenciar a participación dos nenos.

Durante o recreo non hai diferenza entre o número de nenos e nenas que utilizan a biblioteca.

- **Actividades complementarias.**

Todo o alumnado participa independentemente do seu sexo en:

- As actividades deportivas do programa XOGADE
- Festa de Samaín
- Magosto (xogos populares).
- Acto do Día da Paz.
- Entroido.
- Festival de fin de curso.
- Actividades científico tecnolóxicas

4. Obxectivos coeducativos desenvolvidos a través do plan

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- a) Eliminar os estereotipos de xénero, educando na diversidade.
- b) Potenciar os xogos cooperativos e os xoguetes non sexistas.
- c) Integrar de modo transversal en todas as áreas do currículo a responsabilidade co traballo doméstico aclarando que este tamén se refire ao coidado de maiores, menores e discapacitados.

- d) Favorecer a resolución de conflitos derivados das diferenzas de xénero, desenvolvendo a capacidade de diálogo.
- e) Analizar reflexiva e criticamente a linguaxe, asumindo outras alternativas para o seu uso evitando a desigualdade e afrontando unha linguaxe coeducativa.
- f) Valorar a importancia que tiveron na súa época as persoas que tentaron romper cos roles sexistas.
- g) Implicar á Comunidade Educativa no desenvolvemento do proxecto.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

- a) Potenciar unha educación integral en valores que xere entornos seguros para todas e todos
- b) Apreciar a importancia dos valores básicos que rexen a vida e a convivencia humana e actuar de acordo con eles.
- c) Ensinar a nenos e nenas a desenvolver condutas e habilidades que lles permitan vivir libres de violencia, recoñecéndoa en si mesma e noutras persoas e desenvolvendo habilidades persoais de autoprotección.
- d) Desenvolver estratexias de empoderamento persoal, liderazgo positivo e igualdade entre persoas.
- e) Concienciar ao alumnado de que a mellor solución a calquera conflito sempre ha de ser pacífica e utilizar como medio o diálogo.
- f) Recoñecer o insulto, a ameaza e a manipulación como o principio da violencia de xénero.
- g) Rexeitar todo acto de violencia cara ás mulleres e cara a calquera persoa, defendendo e facer respectar os dereitos humanos.
- h) Sensibilizar á comunidade educativa ante a problemática dos malos tratos cara ás mulleres.
- i) Presentar diferentes situacións relacionadas cos malos tratos co obxecto de desenvolver no noso alumnado a “empatía”, para que poidan chegar a comprender o sufrimento das persoas maltratadas.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

- a) Coñecer e nomear as emocións, como paso previo á expresión das mesmas.

- b) Traballar a educación emocional e de valores como base de formación da persoa que constrúe un autoconceito positivo de si mesmo e dos demais.
- c) Utilizar e formar na aplicación de destrezas sociais e comunicativas que permitan a resolución positiva dos conflitos.
- d) Dar a coñecer modelos diversos de relacións positivas nos distintos ámbitos (parella, laboral, amizade, familiar...)

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

No caso de detectarse condutas de acoso, discriminación, violencia de xénero ou maltrato ao menor transexual actuarase segundo o previsto nas NOFC.

Para a prevención destas condutas destacamos as seguintes accións::

- a) Creación un espazo de respecto e confianza para atención do alumnado LGTBI do centro.
- b) Relación nun entorno entre iguais no que o alumnado poida intercambiar inquietudes, problemas, experiencias, etc.
- c) Fomento da visibilidade da diversidade afectivo-sexual.
- d) Actitude activa de rexeitamento a todo tipo de acoso sexista e homofóbico.
- e) Promoción actividades relacionadas coa igualdade de xénero, contra a violencia sexista contra a LGBTIfobia.

Detección e intervención:

- Cando se constate que o atentado contra a dignidade do/a menor foi por causas relacionadas coa súa identidade de xénero, aplicaranse as medidas correctoras correspondentes e, en particular, a expulsión de centro, temporal ou definitiva, da persoa infractora, como medidas correctoras asociadas ás condutas que vulneran a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñen como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no sexo, orientación sexual ou identidade sexual, segundo se recolle no **artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de educación segundo a redacción dada pola **Lei 8/2013, do 9 de decembro**, para a mellora da calidade educativa.
- Calquera membro da comunidade escolar que teña coñecemento ou sospeita dunha situación de acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil de calquera alumno ou alumna,

por identidade de xénero dentro do centro escolar, ten a **obriga depoñelo en coñecemento** dos responsables do centro.

- Naqueles casos nos que, a causa da actitude da familia, dun ou de ambos proxenitores, cara á identidade de xénero do alumno ou da alumna, se detecten indicios de non respecto da identidade sexual do ou da menor, que poidan supoñer unha situación de maltrato, ao obxecto de garantir o interese superior do menor, actuarase segundo os **protocolos establecidos polos servizos de asistencia e protección de menores**.

5. Medidas concretas de actuación

5.1. Organización do centro:

- **Representación nos órganos de decisión:**

O noso Claustro está composto por 28 persoas. 21 son mulleres e 7 homes.

No Consello Escolar predomina a representación feminina: está formado por 7 mestras, 1 mestre, unha representante do persoal non docente (coidadora), unha representante da ANPA, dúas nais, dous pais e un representante do Concello.

Os cargos directivos son todos mulleres.

- A **persoa responsable en materia de igualdade** no Consello Escolar é Susana Diéguez Villaverde.
- Este **plan** estará **dispoñible** na secretaría e na web do Centro **para a consulta** de toda a comunidade educativa.
- Desde o **Departamento de Orientación** organizanse charlas e actividades para promover a do alumnado en materia de igualdade.
- O **Departamento de Orientación** asesora ao profesorado e as familias en materia de igualdade.
- Nas actividades do Centro e nas comunicacións coas familias empregamos unha **linguaxe inclusiva e igualitaria**.

- Levamos anos **colaborando con outras institucións** en diversas actividades que promoven a coeducación:

- **Concello de Pontevedra:**

- nAmorAndo**

nAmorAndo xorde como un traballo que pretende involucrar a nenas, nenos e adolescentes na loita contra a violencia de xénero, desde o cambio das súas propias actitudes e desde o traballo constante na súa forma de entender as relacións e os seus comportamentos e expresión de emocións como homes e mulleres.

Trabállase en 4º de Primaria ao longo de sete semanas consecutivas, unha hora por semana. Ao longo das sesións, trabállase con música, curtas, fragmentos de películas, role-playing, teatro, xogos... que permiten ao alumnado participar do cambio de actitudes a través do debate, a reflexión, a expresión de emocións e a empatía con circunstancias que propician violencia e, en moitas ocasións, morte.

O traballo de intervención comeza e termina cunha avaliación para ver a evolución do proceso.

Durante o transcurso do programa trabállase para desmontar mitos sobre o amor romántico, identificar relacións baseadas na desigualdade, romper estereotipos sexistas que manteñen ideoloxías machistas e axudar a expresar emocións abertamente como signo de valentía, e afastándoas de realidades estereotipadas.

Así mesmo, trabállase fóra do aula para dar a oportunidade ao alumnado de difundir as súas mensaxes ao mundo con formatos diferentes: vídeos, arte urbana...

- **Policía Nacional**

- Charla do Plan **Director** para o alumnado de 5º e 6º sobre o acoso e ciberacoso.

- **Cruz Vermella**

- Obradoiros saúde e emocións

- **Xogade**

- Charla “Igualdade a través do deporte”

- Participación en diversas xornadas deportivas.

- **Cadro de actividades a desenvolver nas datas destacadas:**

Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
<ul style="list-style-type: none"> • Creación dun lema para todo o Centro. • Realización de murais. • Lecturas recomendadas desde a biblioteca. • Visionado de películas e vídeos: “Super Lola”, “El maltrato sutil”, “Dale una bofetada”, “Hacer las cosas como una niña”.... • Realización das actividades dispoñibles na web e na Aula Virtual do centro.
Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración de murais. • Lecturas recomendadas desde a biblioteca. • Traballos de investigación sobre persoas coñecidas (actores, deportistas, músicos...) con discapacidade. • Visionado de cortos e videos: “Cuerdas”, “Los colores de las flores”, “Tamara”, “El regalo”, “EL espía que surgió del hijo”.... • Realización das actividades dispoñibles na web e na Aula Virtual do centro. • Visita de persoas con discapacidade para explicar como é a súa vida diaria.
Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos
<ul style="list-style-type: none"> • Creación dun lema para todo o Centro. • Realización de murais. • Lecturas recomendadas desde a biblioteca. • Visionado de películas. • Realización das actividades dispoñibles na web e na Aula Virtual do centro. • Traballos de investigación sobre organizacións que se ocupan da infancia, das súas necesidades e dereitos.
Día da Non Violencia e da Paz.
<ul style="list-style-type: none"> • Creación dun lema para todo o Centro. • Realización de murais. • Saída ao patio para cantar unha canción relacionada coa Paz. • Comentarios sobre entrevistas e artigos. • Lecturas recomendadas desde a biblioteca.

<ul style="list-style-type: none"> • Visionado de películas.”El otro par”... • Realización das actividades dispoñibles na web e na Aula Virtual do centro. • Traballos de investigación.
Día Internacional da Muller.
<ul style="list-style-type: none"> • Creación dun lema para todo o Centro. • Realización de murais. • Investigacións sobre diferentes mulleres que destacaron nalgún ámbito (ciencia, deporte, literatura...) • Visitas de mulleres con profesións consideradas “masculinas” • Visita de avoas e avós para explicar como eran os seus traballos. • Lecturas recomendadas desde a biblioteca. • Realización das actividades dispoñibles na web e na Aula Virtual do centro.
Día Internacional contra o Acoso Escolar
<ul style="list-style-type: none"> • Visionado da películas e cortos contra o acoso, por exemplo :“Me llaman Radio” • Lecturas recomendadas desde a biblioteca. • Realización das actividades dispoñibles na web e na Aula Virtual do centro.
Día pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
<ul style="list-style-type: none"> • Creación dun lema para todo o Centro. • Realización de murais. • Lecturas recomendadas desde a biblioteca. • Visionado de películas. • Realización das actividades dispoñibles na web e na Aula Virtual do centro.

- **Desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.**

A educación afectivo-sexual debe traballarse desde as diferentes áreas do currículo especialmente na áreas de Ciencias Naturais e Valores Sociais e Cívicos.

O alumnado debe ir adquirindo unha serie de capacidades en torno ao desenvolvemento da dimensión afectivo-sexual que contribúen á consecución das finalidades educativas desta etapa. Estas capacidades son:

- Aprender a coñecer o propio corpo desde o punto de vista biolóxico, non sexista ou racista.

- Adquirir os coñecementos básicos que lles permitan o contraste das súas teorías, as súas concepcións, etc. ao redor de diferentes aspectos da sexualidade humana.
- Apreciar a sexualidade como unha forma de comunicación, afectividade e pracer entre as persoas e cando se desexa, de reprodución.
- Aprender a detectar e evitar os abusos sexuais.
- Recoñecerse como nena ou neno, asumindo positivamente a súa identidade sexual, libre de elementos de xénero discriminatorios.
- Coñecer as diferenzas entre xénero e sexo.
- Actuar con naturalidade ante os temas sexuais, participando no diálogo sobre estes temas na escola e a familia e desenvolvendo un vocabulario preciso e non discriminatorio.
- Coñecer e utilizar algunhas normas básicas de coidado persoal e convivencia baseadas na igualdade, o respecto e a responsabilidade.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes

- As programacións didácticas e a práctica docente debe incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...
- O material didáctico empregado na aula deberá:
 - Utilizar unha linguaxe inclusiva non sexista.
 - Recollen imaxes para ilustrar os diferentes temas que non dean unha imaxe estereotipada das profesións, ocupacións e intereses das persoas.
 - Existir presenza de varóns se se tratan temas relacionados co coidado e o afecto (de persoas e/ou labores domésticos)
 - Existir presenza de mulleres cando se tratan temas científicos, tecnolóxicos, históricos, deportivos ou de iniciativa persoal e éxito profesional.
 - Existir protagonismo de mulleres e varóns nos diferentes temas que se traten, se existen referentes de mulleres empoderadas, con autoridade social ou política, se aparecen homes que sexan referentes dunha masculinidade non tradicional.

- Existir aportación de mulleres e homes ao longo da historia en todos os ámbitos culturais, sociais ou políticos, resaltando que a aportación das mulleres foi, tradicionalmente, invisibilizada e descoñecida para o común da cidadanía.
- Realizaremos actividades de sensibilización na aula e coas familias.
- As actividades que teñen lugar no colexio en relación coa coeducación serán coñecidas polas familias a través da web do centro, o Consello Escolar e diversas notas informativas.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo

Difusión da información

Toda a información relativa á igualdade será exposta no taboleiro de anuncios da sala de mestres, no taboleiro da entrada e na web do Centro.

Crearase un espazo na web do centro para todo o referente ás actuacións do Plan de Igualdade.

A Biblioteca escolar

A biblioteca escolar continuará a promover lecturas inclusivas e **aumentará os fondos relacionados con este tema**

Tamén continuará colocando no expositor os libros recomendados para as diferentes conmemoracións como por exemplo:

- Para a celebración do 25 de novembro: “La Cenicienta no quería comer perdices”, “Arturo y Clementina”, “Libres e iguais”, “O libro dos porcos”, “Malala, por el Derecho de las niñas a la Educación”, “Leru Leru”...”
- Para a celebración do Dereitos da Infancia: “Dereitos do neno e da nena”, Colección “Os dereitos na Infancia”, “Tengo derecho a ser niño”, “Niños de los cinco continentes”...
- Para a celebración do día da muller: Colección “Mulleres Galegas” Lela edicións. Biografías para nenos de diferentes mulleres: Emilia Pardo Bazán, Ana Frank, Vidas extraordinarias...

- Para igualdade de trato e a non discriminación do colectivo LGTBI : “Con Tango son tres”, “Por que a María Xosé lle chaman Xosé Mari?”, “Billy e el vestido”, “De chico a chica”, “Llámame Paula”...

No último curso mercáronse libros para a inclusión como: “Pepita es especial”, “Superniños”, “¿Y si vivieras en ...?”, “Cocorico”, “El cazo de Lorenzo”, “Down” “Elisa no Mundo das Marabillas”....

Os contidos audiovisuais

Revisaremos a idoneidade dos contidos audiovisuais utilizados nas actividades do centro eliminando filmografía e discografía relacionada co sexismo.

Empregaremos contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.

Xestión de actividades e ocupación do patio

Continuaremos a xestionar as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión tal e como temos recollido na PXA:

- Para evitar problemas de convivencia por mor das pistas de fútbol no patio de recreo, estableceranse horarios de utilización das mesmas.
- Un ou dous encargados de cada nivel sacarán o material para os xogos do recreo (cordas, balóns para brilé ou Touchball, baloncesto, ping-pong, bolos, chapas) Os encargados irán rotando e faranse responsables tamén da recollida do material.

Cooperación nos espazos tecnolóxicos

Todas as aulas teñen EDI co que o alumando traballa diferentes tipos de contidos cooperativamente.

Somos centro Edixgal, utilizamos os equipos para facer traballos que logo expoñemos na aula ou a outros niveis. Moitos deste traballos realízanse de xeito cooperativo. Intentamos que os grupos sexan mixtos e non haxa discriminacións.

Queremos participar nun proxecto de robótica, introducindo a programación básica e a robótica desde ed. infantil (DOC), 1º e 2º (scratch junior, CyberRobot, Lego wedo 2.0) e de 3º a 6º (lego wedo 2.0, scratch, mbot),

Desde o ano pasado contamos con catro robots DOC, da compañía Clementoni para que traballe o alumnado de Infantil.

Prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa.

O Departamento de Orientación dará as pautas necesarias ao profesorado, alumnado e as familias para previr a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual.

Na tutoría realízanse diferentes actividades para previr este tipo de discriminación:

- Visionado de cortos e películas.
- Lectura e comentario de contos.
- Representacións.
- Xogos cooperativos.

O alumnado de 5º e 6º recibirá unha charla da Policía Nacional “Plan Director” sobre as diferentes formas de acoso.

Promoción da participación do sexo menos representado nas diferentes actividades.

Todo o alumnado participará independentemente do seu sexo en:

- As actividades deportivas do programa XOGADE:
 - Atletismo en pista 5º primaria
 - Carreira de Campo a través (de 2º a 6º)
 - Loita encontro entre varios centros (4º)
 - Futsal encontro entre varios centros con partidos de fútbol mixto (3º)
- Os bailes, representacións, etc de fin de curso.
- Actividades científico tecnolóxicas: Semana da Ciencia promovida pola biblioteca, Depoemprende, etc.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

Respecto e do bo trato entre mulleres e homes.

- Propóranse actividades adaptadas ao nivel psicoevolutivo do grupo de nenos e nenas ás que se dirixen, para que poidan desenvolver os contidos relacionados coa igualdade entre homes e mulleres, da maneira máis significativa posible.
- Propóranse actividades que impliquen a participación de todo o alumnado de maneira igualitaria e non discriminatoria. Preténdese unha actuación global no centro con actuacións xeneralizadas para toda a comunidade educativa, no que se englobarán as realizadas ao redor de datas emblemáticas.

Promoción de actividades de coidado entre persoas e do medio ambiente

Continuaremos a realizar actividades como:

- A horta escolar.
- O composteiro.
- A recollida de tapóns e material de oficina para unha ONG que coida animais.
- A Illa de Reciclaxe

Temos no patio unha illa de reciclaxe na que recollemos os residuos orgánicos, o plástico e o papel. Cada venres seguindo a quenda correspondente valeiremos os contedores no contedor da rúa ou no composteiro.

- Participación en Voz Natura “Redución do consumo de plástico”
- Temos alumnado con discapacidade auditiva polo que celebramos o Día Nacional das Linguas de Signos Españolas con diversas actividades, entre elas a realización dun vídeo signado por todo o alumnado do Centro.

Entre as actividades ofertadas pola ANPA atópase a linguaxe de signos.

- Seguiremos realizando charlas e actividades co gallo do Día Internacional das Persoas con Discapacidade.

Nos últimos anos realizamos as seguintes actividades:

- Charlas da asociación Xuntos (Síndrome de Down) para o alumnado de 4º, 5º e 6º
- Visita dunha persoa invidente para explicar como é a súa vida cotiá.
- Sesión de xogos adaptados con material proporcionado pola ONCE (Golball).

Promoción do respecto cara á diversidade sexual e de xénero

Comezamos a realizar, neste curso 2019/20, charlas impartidas pola asociación ARELAS, (asociación formada por familias de nenos, nenas e adolescentes transexuais) para o alumnado de primaria e as familias.

Promoción de metodoloxías activas, participativas e cooperativas.

Continuaremos utilizando metodoloxías activas participativas e cooperativas. Este é o cuarto ano no que participamos nun PFPP sobre traballo cooperativo.

Promoción da corresponsabilidade na realización das tarefas.

- Promoveremos a corresponsabilidade na realización das tarefas.

6. Seguimento e avaliación

Para conseguir os mellores resultados co desenvolvemento do Plan levaremos a cabo unha avaliación continua que nos permitirá se os obxectivos expostos están a ser os adecuados e se as actividades propostas son as correctas para lograr os obxectivos e así poder realizar as modificacións oportunas.

Valorarase o grao de implicación de cada un dos membros que compoñen a nosa Comunidade Educativa, así como a coordinación entre eles e o grao de aceptación das distintas propostas.

Esta avaliación continua complementarase cunha avaliación final onde se valoren os resultados obtidos, as posibles melloras, erros cometidos, necesidades e grao de satisfacción coa experiencia.

Instrumentos de avaliación do funcionamento do plan.

- a) Observación.
- b) Valoración das actividades que se realicen por parte dos distintos niveis.
- c) Enquisas final curso (profesorado, familias, alumnado).
- d) Memoria do Plan de Igualdade.

Indicadores de medida

Sobre o proxecto	SI	NON
O desenvolvemento do proxecto axustouse ao programado.		
A participación e implicación do alumnado e o profesorado implicado foi boa.		
A dinámica dos grupos foi verdadeiramente fluída e cooperativa.		
O grao de autonomía dos grupos e o material elaborado foi de calidade, e libre de rumbos sexistas.		
Utilizouse unha linguaxe integradora con ambos os sexos e libre de prexuízos.		
O ambiente favoreceu a expresión sa e libre dos sentimentos.		

Para o alumnado	SI	NON
Utiliza ou sabe utilizar a linguaxe coeducativa.		
Respecta as diferencias dos compañeiros/as.		
Valora e participa nas actividades propostas.		
Discrimina entre comportamentos sexistas e non sexistas.		

7. Recursos.

O profesorado e as familias poderán utilizar as seguintes páxinas web con materias para o traballo da igualdade:

Igualdade:

<https://www.educandoenigualdad.com/materiales-fete-ugt/>

<http://igualdade.pontevedra.gal/educacion/programa-namorando/#1480424440090-87167303-d48d>

25 novembro:

<https://www.cig-ensino.gal/files/publicacions/2017/11/25N/25n2017UDPrimaria.pdf>

8 marzo:

<https://www.cig-ensino.gal/files/Documentos/8M/UNIDADE%20DIDACTICA%20PRIMARIA%208M.pdf>

Transexualidade:

<https://chrysallis.org.es/recursos/recursos-educativos/material-didactico/>

<https://chrysallis.org.es/recursos/recomendaciones/>

<https://chrysallis.org.es/recursos/recursos-educativos/material-curricular/>

LGTBI:

<https://www.cig-ensino.gal/files/Documentos/DunPlumazo/Dun%20plumazo.%20Unidade%20did%C3%A1ctica%20para%20Primaria.pdf>

Este plan foi presentado ao Claustro e o Consello escolar o martes 8 de outubro de 2019.

Pontevedra 8 de outubro de 2019

Asdo: M^a Susana Diéguez Villaverde